

**Bases reguladoras para o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO\_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e da concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024**

O deporte de alto nivel é unha práctica deportiva de interese para o Estado polos valores que promove na sociedade. Constitúe un factor esencial no desenvolvemento deportivo e un estímulo para o fomento do deporte de base, ligado á función representativa de España nas competicións deportivas oficiais de carácter internacional.

As e os deportistas teñen plena dedicación a esta actividade, coa que van adquirindo excelentes atributos profesionais, motivación de logro, traballo en equipo, sentido de compromiso e responsabilidade etc. Con todo, as esixencias e os esforzos que derivan dela, adestramentos, concentracións, competicións e continuas viaxes, supoñen en ocasións un obstáculo para o desenvolvemento axeitado de carreiras profesionais complementarias ás súas carreiras deportivas.

A Deputación de Pontevedra, consciente das dificultades que existen para progresar a partir de certos niveis deportivos e para non deixar que ningún talento deportivo deixe de progresar polo seu nivel económico, reforza o seu compromiso con esta liña de axudas, ao aumentar as contías dispoñibles na convocatoria pasada, co obxectivo de contribuír ao financiamento da actividade competitiva e á preparación técnica das e dos deportistas destacados da provincia que cumpran os requisitos previstos nesta convocatoria.

Desde o punto de vista competencial, a Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte, ademais de definir o deporte de alto nivel, promove o fomento e a potenciación deste, das competicións deportivas e da participación internacional das persoas deportistas, clubs, profesionais da arbitrase e adestramento, persoal técnico deportivo, dirixentes e profesionais das ciencias da actividade física e do deporte.

Nesta liña, na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, recóllese entre os seus principios xerais a promoción do deporte de competición e de alto nivel. Así mesmo, no Decreto 165/2020, de 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, contéplase que o alto nivel deportivo, con altas



cotas de exigencia non só deportiva senón noutros ámbitos, coma o familiar, formativo, laboral ou social, precisa de respostas por parte dos poderes públicos para facilitarlles ás e aos deportistas medidas que permitan compatibilizar a súa preparación práctica competitiva co desenvolvemento do resto dos seus planos vitais.

Para lograr estes obxectivos, a Deputación de Pontevedra convoca as axudas a deportistas co recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO\_TALENTO) da provincia de Pontevedra en 2024, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, de acordo coas seguintes

## BASES

### Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o recoñecemento da categoría de deportista de alto nivel (DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+) e deportista de alto nivel de base (DEPO\_TALENTO) da Deputación de Pontevedra no ano 2024 e a concesión de axudas destinadas a apoiar as e os deportistas recoñecidos coa devandita categoría para o ano 2024.

### Segunda. Obtención do recoñecemento da categoría de alto nivel e alto nivel de base

#### 1.1 Categoría de alto nivel DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+

Para obter a categoría DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+ as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Nacer na provincia de Pontevedra ou estar empadroadas nesta polo menos desde o 1 de xaneiro de 2023.
- Estar recoñecidas coa condición de alto nivel pola Comunidade Autónoma de Galicia (DGAN) ou polo Estado español (DAN) no momento da presentación da solicitude.
- A condición da categoría DEPO\_DAN e DEPO\_DAN+ poderá recoñecérselles a deportistas, adestradoras e adestradores e xuízas e xuíces-árbitro.
- Estar en posesión dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva.
- Non estar a cumprir, no momento da presentación da solicitude, ningunha sanción



disciplinaria deportiva ou administrativa firme por cometer unha infracción de carácter grave ou moi grave, ou por dopaxe.

### **1.2 Categoría de alto nivel de base DEPO\_TALENTO**

Para obter a categoría DEPO\_TALENTO as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Nacer na provincia de Pontevedra ou estar empadroadas nesta polo menos desde o 1 de xaneiro de 2023.
- Nacer entre 2007 e 2012 (ambos os dous incluídos).
- A condición da categoría DEPO\_TALENTO poderá recoñecérselles só ás e aos deportistas.
- Acreditar o nivel deportivo esixido pola Deputación de Pontevedra para recibir unha das axudas definidas no apartado 4 para o grupo B. Para acreditar o nivel deportivo, a Deputación de Pontevedra esixe que no ano 2023 quedasen entre os tres primeiros postos no Campionato de España ou participasen nun campionato de Europa ou do mundo.
- Estar en posesión dunha licenza deportiva vixente expedida por unha federación deportiva.
- Non estar a cumprir, no momento da presentación da solicitude, ningunha sanción disciplinaria deportiva ou administrativa firme por cometer unha infracción de carácter grave ou moi grave, ou por dopaxe.

### **Terceira. Persoas beneficiarias das axudas**

Poderán ser beneficiarias das axudas as e os deportistas que obteñan o recoñecemento da categoría de alto nivel e alto nivel de base da Deputación de Pontevedra no ano 2024. Só se poderá solicitar unha única axuda por deportista.

Non poderán beneficiarse destas as e os deportistas que concorran nalgunha das circunstancias previstas nos artigos 13.2 da LXS e 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

### **Cuarta. Financiamento das axudas**

A contía total destinada a estas axudas estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e convocarase con cargo á aplicación 24/340.3400.481.01 do Orzamento da Deputación para o



ano 2024 por un importe total de douscentos setenta e cinco mil (275.000,00) euros.

### Quinta. Tipos de axudas

Establécense os seguintes tipos de axudas para cada categoría:

#### Grupo A: axudas de alto nivel (DEPO\_DAN)

Axudas	Importe	Resultado
A1	2.000 €	1.º, 2.º ou 3.º posto na copa do mundo (C. M.)
A2	1.250 €	Do 4.º posto en diante na C. M. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de Europa (C. EU.)
A3	900 €	Do 4.º posto en diante no C. EU. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de España (C. ESP.)
A4	500 €	Do 4.º posto en diante no C. ESP. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato galego (C. GAL.)

#### Grupo A+: axudas de alto nivel para persoas con discapacidade física, intelectual ou visual (DEPO\_DAN+)

Axudas	Importe	Resultado
A+1	3.000 €	1.º, 2.º ou 3.º posto na copa do mundo (C. M.)
A+2	2.000 €	Do 4.º posto en diante na C. M. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de Europa (C. EU.)
A+3	1.500 €	Do 4.º posto en diante no C. EU. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de España (C. ESP.)
A+4	1.000 €	Do 4.º posto en diante no C. ESP. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato galego (C. GAL.)

#### Grupo B: axudas a deportistas de alto nivel de base (DEPO\_TALENTO)

Axudas	Importe	Resultado
B1	1.200 €	1.º, 2.º ou 3.º posto na copa do mundo (C. M.)
B2	800 €	Do 4.º posto en diante na C. M. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no campionato de Europa (C. EU.)
B3	500 €	Do 4.º posto en diante no C. EU. ou o 1.º, 2.º ou 3.º posto no C. ESP.

Normas que se deben ter en conta:

- O campionato do mundo, de Europa ou de España que se certifique corresponderá ao ano 2023; só se terá en conta o mellor resultado acadado en 2023.
- Para que unha proba deportiva sexa considerada como campionato do mundo, de Europa, de España ou de Galicia será necesario que teña a denominación de copa ou campionato da correspondente federación deportiva. No caso da denominación de copa de España ou de Galicia, cando estas competicións estean conformadas por varias probas



e teñan clasificación final, só se valorará o posto da clasificación final e non a clasificación dunha única proba.

- Poderán valorarse competicións internacionais ou nacionais que, aínda que non sexan as que se designan de forma oficial como competicións con categoría de campionato do mundo, de Europa ou de España, estean incluídas nos calendarios oficiais e recoñecidas como probas de alto nivel pola federación correspondente, por exemplo, o Tour de Francia ou a Vuelta a España. Estas terán que ser recoñecidas polo órgano instrutor proposto para esta convocatoria, o cal, unha vez analizada a competición, equipararase con algún dos campionatos subvencionados ou rexeitarase.
- Excepcionalmente, poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas que contan coa categoría de alto nivel da Deputación de Pontevedra e que concorran nalgunha das seguintes circunstancias:
  - Que tivese unha baixa deportiva por lesión debidamente xustificada durante a maior parte da temporada 2023 e acadase os resultados para acreditar o nivel deportivo (a lesión deberá ter unha duración mínima de 6 meses).
  - Que estivese en período de xestación ou de baixa maternal no ano 2023 e acadase os resultados para acreditar o nivel deportivo.
  - En calquera dos casos anteriores, o resultado debe corresponderse cos 12 meses inmediatamente anteriores á baixa deportiva, maternal ou de xestación, e, en todo caso, será o servizo instrutor o que valide os feitos dependendo das características do deporte.
- Pola súa natureza, a competición deberá ser oficial, ter o recoñecemento da federación correspondente e figurar no calendario oficial.
- Terase en conta un único campionato por modalidade e categoría, aquel que tivese un maior nivel deportivo. O resultado certificado pola federación só poderá ser da clasificación final. En caso de existir máis dunha final, considerarase unicamente o resultado da final A.
- O servizo instrutor poderá invalidar un campionato se o considera insuficiente; isto dependerá das características do deporte, de se existen fases previas, do número de participantes e doutros.



## Sexta. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, as solicitudes tamén poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

## Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles e comezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencions.

## Oitava. Compatibilidade e incompatibilidade

Estas axudas serán compatibles con premios ou axudas económicas recibidas durante o ano 2024 procedentes de calquera outra Administración, ou de entes públicos ou privados, galegos, estatais e/ou da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a súa obtención.

Estas axudas serán incompatibles con premios ou axudas económicas para deportistas concedidos por outras administracións provinciais durante o ano 2024.

## Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas solicitantes.
- Certificado de nacemento da persoa solicitante.



- Certificación de residencia das persoas solicitantes.
- Certificación de estar ao día das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

### **Décima. Documentación**

As persoas interesadas deberán presentar coa solicitude a seguinte documentación:

- Certificado deportivo (anexo I) emitido polas federacións no que se especifique o mellor resultado deportivo obtido en 2023.
- Libro de familia (só para as e os deportistas DEPO\_TALENTO menores de 14 anos que non teñan DNI/NIE).
- Nos supostos recollidos no parágrafo 4 da base 5, o correspondente certificado médico, no que se especifiquen a duración da baixa e o motivo.

A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a presentación do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

### **Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas**

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, terase por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.



Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Na Sede electrónica están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

### **Décimo segunda. Notificacións**

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel).

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> e a través de <https://dehu.redsara.es/>. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo que conste na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que esta se considere plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



### **Décimo terceira. Procedemento de concesión**

O procedemento de concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia non competitiva, con base nos tipos de axudas establecidos nestas bases; en ningún caso a suma total das axudas concedidas poderá superar o orzamento máximo previsto nestas bases.

En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente para poder outorgar o importe íntegro das axudas, producirase un rateo proporcional entre todos os importes ata cubrir o crédito dispoñible.

### **Décimo cuarta. Instrución do procedemento**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao xefe do Servizo de Deportes e comprenderá as seguintes fases:

- Estudo e comprobación de todas as solicitudes polo servizo instrutor, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos.
- Informe-proposta do xefe de servizo no que figure a valoración das solicitudes de acordo cos tipos de axudas, se explique o sistema de valoración seguido, se relacionen as solicitudes por orde e se sinale a subvención correspondente a cada unha delas. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e explicaranse as razóns da súa desestimación.
- Proposta de resolución provisional. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe-proposta, formulará unha proposta de resolución provisional debidamente motivada, que será notificada coa súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra; establecerase un período de dez (10) días naturais desde o mesmo día da súa publicación para presentar alegacións ou renunciar á axuda proposta.
- Proposta de resolución definitiva. Examinadas as alegacións e as posibles renuncias, no seu caso, formularase a proposta de resolución definitiva, que incluírá a persoa solicitante ou a relación de solicitantes para quen se propón a concesión da axuda, e a súa contía. Tamén recollerá as solicitudes rexeitadas e os motivos do rexeitamento. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.
- Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e da proposta de resolución definitiva.



#### **Décimo quinta. Resolución do procedemento**

A proposta de resolución definitiva formulada polo órgano instrutor someterase á aprobación do órgano competente, que resolverá o procedemento.

O acto de resolución do procedemento publicarase no BOPPO e terá os efectos dunha notificación por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva (artigo 45 da LPACAP).

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os seis (6) meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación das solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución, lexitima as persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

#### **Décimo sexta. Publicación de actos**

A resolución, que lle pon fin ao procedemento, publicarase no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Así mesmo, será igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Deputación de Pontevedra.

#### **Décimo sétima. Obrigas das persoas beneficiarias**

As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas da LSG. Concretamente, durante este exercicio e o seguinte deberán:

- Cumprir e aceptar todo o estipulado nestas bases.
- Darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento das axudas e colaborar coa Deputación na promoción do deporte e da actividade física na provincia, se esta o requirise.



- Participar nas actividades de difusión, co fin de demostrar o grao de aproveitamento destas axudas, así como nas actividades de promoción do deporte que poida programar a Deputación de Pontevedra.
- Asistir á Gala do Deporte organizada pola Deputación de Pontevedra.
- Someterse ás actuacións de comprobación, así como a calquera outra que puidesen efectuar os órganos de control competentes, para o que se presentará tanta información se lles requira no exercicio das actuacións correspondentes.

#### **Décimo oitava. Pagamento e xustificación**

Unha vez notificadas as axudas concedidas, estas aboaránselles ás e aos deportistas.

O pagamento efectuarase mediante unha transferencia bancaria á conta sinalada na solicitude. Para cobrar a subvención as e os deportistas deberán estar ao día das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación.

No momento da concesión das axudas ás e aos deportistas deberanse ter en conta as retencións do IRPF, se as houbese.

#### **Décimo novena. Transparencia e bo goberno**

De conformidade co establecido na normativa de transparencia e bo goberno e no artigo 15 da LSG, a Deputación de Pontevedra publicará na súa páxina web a relación oficial de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá igualmente as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

#### **Vixésima. Devolución e reintegro**

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- Por obtelas falseando as condicións requiridas.
- Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.
- Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.



### **Vixésimo primeira. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionalos, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

